



# 19 AGOSTO '18

PRAIA FLUVIAL A FREIXA  
10:00h - PONTEAREAS



## III TRAVESÍA VILA DO TEA -2018-

### 1.- ORGANIZACIÓN

Correrá a cargo do Club Natación Ponteareas e do Concello de Ponteareas.

A proba rexerá polo presente regulamento particular, Normativa FEGAN de Aguas Abertas, Normativa de Competición de Aguas Abertas da Federación Española de Natación e Normativa FINA de Aguas Abertas.

A proba estará controlada polo comité de Arbitros da Federación Galega de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso, arbitráis, que aparezan no desenrolo da mesma.

A proba estará incluída dentro do Circuito Galego de Aguas Abertas.

### 2.- DATA E HORA:

Domingo 19 de Agosto de 2018 ás 10:00 horas

### 3.- CATEGORÍAS

En cada categoría diferenciaremos sexo masculino e feminino.

1- *MÁSTER/POPULAR*- Nados en 1998 e anteriores. Percorrido. 3600m. Puntuable para o XV Circuito Galego de Aguas Abertas, Master. Establécese un tempo máximo de 1 hora e 15 min dende a chegada do primeiro nadador e nadadora, para rematar a proba.

a. *Establecense 4 subcategorías-*

1- Master 1- nados 1998 a 1984

2- Master 2- nados 1983 a 1969

3- Master 3- nados 1968 a 1954

4- Master 4- nados en 1953 e anteriores.

2- *ÉLITE*- Nados no 2004 e anteriores, con licenza federativa de Natación (NO MASTER) 2017-2018. Percorrido 3600m. Proba puntuable para o XV Circuito Galego de Aguas Abertas. Establecense un tempo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador e nadadora, para rematar a proba.

3- *INFANTIL*- Masculino 2002-2003, Feminino 2003-2004. Percorrido 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador, para rematar a proba.

4- *ALEVÍN*- Masculino 2004-2005, Feminino 2005-2006. Percorrido. 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador, para rematar a proba.

5- *POPULAR1200*- Masculino 2001 e anteriores. Feminino 2002 e anteriores. Percorrido. 1200m. Establécese un tempo máximo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador, para rematar a proba.

6- *MENORES*- Masculino, nados en 2006 e posteriores, Feminino nados en 2007 e posteriores. Percorrido 200m.

7- *REMUDAS MIXTAS 4x400m*- Equipos de 4 nadadores (2 masculinos, 2 femininos). Sen distinción de idade. Percorrido 400m (1 volta cada nadador).

**\*\*Normas FINA en vigor sobre traxes de baño (BL 8 SWIMWEAR, FINA Bureau on 2 December 2016):**

Para as competicións en Augas Abertas cunha temperatura de auga desde 20°C os traxes de baño tanto para homes coma mulleres non poderán cubrir o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo dos nocellos. Neste caso coas condicións especificadas os traxes de baño para competicións de Augas Abertas deberán ser feitos cos mesmos requisitos aplicables os traxes de baño usados en piscinas. A partires do 1 de xaneiro de 2017 para as competicións de Augas Abertas con unha temperatura da auga por debaixo de 20°C, homes e mulleres poderán utilizar traxes de baño téxtiles ou térmicos (wetsuits). Cando a temperatura da auga sexa inferior a 18°C, o uso de traxes de baño térmicos é obrigatorio. No que se refire a esta normativa, os «wetsuits»son traxes de baño feitos de materiais que proporciona illamento térmico. Estes traxes de baño para homes e mulleres cubrirán completamente o peito, costas, ombros e xeonllos. Non se estenderán máis alá do colo, os pulsos e os nocellos. Estas normas serán tamén de aplicación nas competicións máster de Augas Abertas.

**Dita normativa será de rigurosa aplicación, a efectos de puntuación do XV Circuito Galego de Augas Abertas, para os nadadores que estén inscritos en dita competición. Proba 3600m.**


**Os nadadores das probas de 3600m que non desexen puntuar no Circuito Galego de Augas abertas e todos os que participen nas probas de 1200m, 200m e as remudas 4x400, poderán nadar sen neopreno, no caso de que a temperatura da auga, sexa inferior a 18°, optando a premios en todas as distancias.**

**Así mesmo os nadadores que o consideren poderán participar con neopreno con independencia da temperatura da auga, clasificando, pero sen optar a premios.**

#### **4.- PERCORRIDOS**

O percorrido das probas ELITE, MASTER/POPULAR, constará de tres voltas a un circuito de 1200m. A saída terá lugar dende a auga, na beira do embarcadoiro da Praia Fluvial de A Freixa. Os nadadores nadarán río arriba pola marxe dereita do río Tea, ata unha boia situada a 600m e voltarán o punto de partida pola marxe esquerda do río, deixando as boias sempre a má esquerda.

Para as probas INFANTIL E ALEVÍN e POPULAR 1200m, o percorrido constará de unha única volta ó mesmo circuito.



O percorrido para as categorías MENORES, constará de unha volta a un circuíto de 200 metros, na zona do embarcadorio, na que nunca se perderán de vista ós nadadores. A saída terá lugar na area da praia fluvial.



A proba de REMUDAS MIXTAS 4X400, constará de unha volta a un circuito de 400m. A saída terá lugar na zona do embarcadorio, o igual que nas outras categorías. Os nadadores irán río arriba ata unha boia situada a 200m e voltarán o punto de partida.



## 5.- PREMIOS

En cada categoría haberá clasificación masculina e feminina.

### 1- ÉLITE-

- 1º Clasificado- Trofeo e 150 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo e 100 euros.
- 3º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 4º Clasificado- 40 euros
- 5º Clasificado- 30 euros
- 6º Clasificado- 20 euros

### 2-MÁSTER/POPULAR 1-

- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo e 30 euros.
- 3º Clasificado- Trofeo e 20 euros.

### 3-MÁSTER/POPULAR 2-

- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo e 30 euros.
- 3º Clasificado- Trofeo e 20 euros.

#### 4-MÁSTER/POPULAR 3-

- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo e 30 euros.
- 3º Clasificado- Trofeo e 20 euros.

#### 5-MÁSTER/POPULAR 4 –

- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo e 30 euros.
- 3º Clasificado- Trofeo e 20 euros.

#### 6- INFANTIL-

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

#### 7- ALEVÍN-

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

#### 8- POPULAR 1200m-

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

#### 9- MENORES-

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

#### 10- REMUDAS MIXTAS 4x400m-

- 1º Clasificado- Medallas e 100 euros.
- 2º Clasificado- Medallas e 70 euros.
- 3º Clasificado- Medallas e 30 euros.

## 6.- INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través da plataforma <http://www.prueba-t.es/>

CATEGORÍAS		ATA O 1 DE XULLO	DO 1 DE XULLO Ó 31 DE XULLO	DO 1 Ó 17 DE AGOSTO
BENXAMÍN MENORES (200m)	E	5 EUROS	5 EUROS	5 EUROS
ALEVÍN INFANTIL (1200m)	E	10 EUROS	12 EUROS	15 EUROS
REMUDAS (4x400m)		12 EUROS	14 EUROS	16 EUROS
RESTO CATEGORÍAS (1200m e 3600m)		10 EUROS	15 EUROS	20 EUROS

A devolución de chip+portachip é obligatoria. Cada chip+portachip non devolto ten un custo de 12 euros. As inscricións poden facerse a partir do xoves 1 de marzo de 2018 ata o venres 17 de agosto de 2018 as 23:59 na páxina web de Prueba-t, [www.prueba-t.es](http://www.prueba-t.es)

A inscrición inclúe:

- Cronometraxe por chip.
- Sistema de videochegada.
- Control de tempos en vivo e en directo. Envío de información instantánea o teléfono móbil de cada participante (tempo en meta, posto, clasificación, ritmo), así como publicación instantánea nas redes sociais de cada participante.
- Seguro de accidentes para cada participante.
- Camiseta conmemorativa do evento.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Avituallamento post competición.

## 7.- Seguridade

Durante o recorrido da Travesía, contaremos coa colaboración de Protección Civil.

## **8.- Estimación horaria (aproximada)**

**8:45-9:30h-** Recollida de dorsais master/popular.

**10:00h-** Saida proba MASTER/POPULAR

**10:00-11:15h-** Recollida de dorsais Elite.

**11:45h-** Saida proba Elite.

**11:45-12:30h-** Recollida de dorsais da proba 1200 (Alevín, Infantil, Popular1200).

**12:00-12:45h-** Recollida de dorsais da proba MENORES e REMUDAS MIXTAS 4X400M

**12:50h-** Saida proba 1200 (ALEVÍN, INFANTIL, POPULAR1200).

**13:15h-** Saida proba MENORES 200M.

**13:20h-** Saida proba REMUDAS MIXTAS 4x400m.

**14:00h-** Entrega de Premios

## **9.- Outros aspectos**

Establécese un límite de 200 participantes.

En caso de baixa procederemos a devolución total da inscrición ata o 31 de xullo de 2018.

A saída das probas ELITE e MASTER POPULAR será independente.

En función da participación a saída das probas INFANTIL E ALEVÍN e POPULAR 1200m, pode ser conxunta.

Os nadadores deberán colocar o chip no lugar indicado pola empresa de cronometraxe.

Nas probas de Remudas haberá un único chip por equipo, que será a testemuña da remuda, sendo obrigatoriamente intercambiado en cada posta, e colocado no lugar indicado pola empresa de cronometraxe.

Nas probas de remudas, podrán realizarse substitucións ata o mesmo día da proba, ata media hora antes do inicio da competición.

Admitiranse inscricións no mesmo día da proba, ata unha hora antes do inicio, sempre que non se supere o tope máximo de inscricións. As inscricións individuais no día da proba terán un recargo de 5 euros. As probas de remudas estarán exentas de este recargo se todos os compoñentes dos equipos están inscritos en proba individual.